

O Catecismo do labrego, unha obra literaria en prosa escrita por Valentín Lamas Carvajal en colaboración con Arturo Vázquez Núñez, publicada en 1889 baixo o pseudónimo de Frei Marcos da Portela.



P.- ¿Sodes labrego?

R.- Sí, pola miña disgracia.

P.- Ese nome de labrego, ¿de quen o recibiche?

R.- Do sacho que me fai callos nas maus, da terra que rego co sudor da miña testa, das

mouras
fames que paso, do aire que brúa nas miñas faltriqueiras, da monteira que levo na chola,
da corozza

de palla que me libra da chuvia, das cirigolas de estopa que me cobren de medio corpo
abaixo, e

doutras cativeness entre as que vivo aguniando.

P.- ¿Qué quere decir labrego?

R.- Home acabadiño de traballos, caste de besta de carga na que tanguen a rabear os
que gobernan,

ser a quen fan pagar cédula como as persoas pra tratalo como aos cás, que leva
faltriqueira no traxe

por fantesía, boca na cara por bulra, que anda de arrastro como as cobras, que fura na
terra como as

toupeiras, que traballa moito e come pouco, que á somellanza dos burros de arrieiro que
levan o viño

e beben a auga, precuran o trigo pra comer o millo, que anda langraneando por unha
peseta sin

poder nunca xuntala, e que ven ser considerado polos seus somenllantes como un
ninguén que a

todo chamar chámanlle Xan Paisano

P.- ¿Qué entendes por home de labranza?

...

P.- ¿Cáles son os vossos enemigos?

R.- Cántanse por centos.

P.- ¿Qué enemigos son eses?

R.- A maiores do mundo, do demo e da carne como teñen totalas xentes, temos un fato deles: nove

ministros en Madrid, o Delegado da Facenda na provincia, o Ademistrador sa Subalterna no partido,

o Alcalde, os concellais e o Segredario no Concello, o cacique da parroquia, o veciño de porta con

porta, a miseria na casa, os pedriscos nos eidos, a fillosera nos viñedos, o recaudador metido na

cabeza, os trabucos e a contribución territorial na cana dos ósos, a de consumos entalada nas

gorxas, a creencia de que nos hemos millorar de sorte no esprito, as falcatrúas da curia enterradas

hastra o redaño,etc., etc., etc.

...

P.- Xa vimos cómo sodes labrego, cómo estades acabadiños polo nome e pola fame de labrego, mais

decídeme agora ¿Cántas cousas está obrigado a saber i entender o labrego cando chega a ter uso

de razón?

R.- Catro cousas.

A obra está organizada como unha serie de preguntas que se lle fan ao labrego Xan Paisano e este resposta. Trátanse moitos temas cotiás, relixiosos e mesmo filosóficos; todos eles desde un punto irónico e con certo humor, pero tamén con amargura polas situacións dos labregos naquel tempo. Collede preguntas, as mesmas do libro, e substituídes ao labrego polo estudante. Exemplo de preguntas:

P.- Sodes estudante?

P.- Ese nome de estudante, de quen o recibiche?

P.- Que quere decir estudante?

P.- Que entendes por home/muller de estudos?

P.- Cal é a sinal do estudante?